

COMISIÓN DE MODIFICACIÓN DA MEMORIA DO GRAO EN QUÍMICA - CURSO 2017/2018**RESUMO DA REUNIÓN DO 11/05/2018**

A partir das aportacións das áreas de coñecemento fixéronse as seguintes modificacións ao borrador inicial de modificación de memoria:

- Estableceuse a redacción das competencias básicas, específicas e transversais (neste último caso introducíronse un grupo de competencias que a Universidade estableceu coma obrigatorias para todos os seus graos).

- Establecéronse as metodoloxías docentes da Guía de Metodoloxías da Universidade de Vigo que se considerou deberían empregarse no Grao en Química para que sexan incluídas nas fichas das materias.

- Establecéronse os sistemas de avaliación da Guía de Metodoloxías da Universidade de Vigo que se considerou deberían empregarse no Grao en Química para que sexan incluídos nas fichas das materias. Acordouse non establecer límites xerais ás porcentaxes dos distintos sistemas de avaliación.

- Acordouse unha táboa de recoñecementos entre as materias do plano de estudio vixente actualmente e a modificación proposta.

Por último, as áreas de coñecementos presentaron as súas opcións para materias optativas no marco das dúas mencións acordadas previamente e acordouse que se elaborarían as fichas das mesmas para presentalas na vindeira reunión da comisión. Neste punto, acordouse solicitar ao departamento de Organización de Empresas da Universidade a ficha dunha materia Economía e Empresa.

Todos estes aspectos serán incorporados ao borrador da modificación da memoria e revisaranse na vindeira reunión da comisión.



Ignacio Pérez Juste